	<b>PROCESO DE ÉTICA</b>	Código: PE04.01
	COMITÉ ÉTICO	Fecha: 15/01/2020

## COMITÉ ÉTICO

O Comité Ético é un Órgano de deliberación con carácter consultivo e interdisciplinario, creado para analizar e asesorar ante cuestións de carácter ético que xurdan no ámbito social, familiar ou na entidade, co fin último de contribuír á humanización da atención e o trato á PCDI, promover a mellora da calidade asistencial e fomentar a excelencia do exercicio profesional. Dito Comité está ao servizo de profesionais, usuarios e familias da entidade.

## MEMBROS DO COMITÉ ÉTICO


O Comité Ético está composto por polo menos 8 membros entre os que se encontran representantes de familias, persoas traballadoras de ACEESCA, responsables da propia entidade e un representante das persoas usuarias. É necesario destacar que se rotarán os postos, naqueles casos que sexa posible, cada 3 anos. Cando se leve a cabo a substitución de persoas, velaremos porque tódolos grupos de interese estean representados (ex. familiar dunha persoa usuaria con grandes necesidades de apoio + familiar de unha persoa usuaria con menos necesidades de apoio). Con relación aos profesionais da entidade, tamén será convinte que tanto o auxiliar como o titular de grupo pertencen a áreas de intervención distintas (Adultos/ Educación), coa finalidade de recoller as diferentes visións de traballo que se levan a cabo na entidade.

- Psicólogo
- Traballadora social
- Titular de aula ou responsable de grupo
- Auxiliar
- Membro da Xunta Directiva
- Directora
- Membro do grupo de Autoxestores
- Familiar dunha persoa usuaria

## FUNCÍONS DO COMITÉ ÉTICO

Entre as actuacións do Comité destacamos:

- Promover o cumprimento das normas recollidas no Código Ético.
- Dar a coñecer o Código Ético ás persoas traballadoras/persoas voluntarias/familias/persoas usuarias que forman parte da entidade.
- Propoñer os protocolos e guías de actuación para as situacións en que xorden conflitos éticos e que se presentan de maneira reiterada ou ocasional.
- Responder ás dúbidas que poden xurdir na interpretación do Código Ético.
- Asesorar desde unha perspectiva ética a quen o solicite, propoñendo melloras na maneira de actuación coas persoas usuarias e/ou familias.
- Detectar situacións que son consideradas como dilema ético e transmitilas ao Comité Ético nas reunións ordinarias que se establezan.

	<b>PROCESO DE ÉTICA</b>	Código: PE04.01
	COMITÉ ÉTICO	Fecha: 15/01/2020

As funcións do Comité Ético non comportarán en ningún caso a adopción de decisións de carácter vinculante á Xunta Directiva, nin substituirán as decisións técnicas dos profesionais, ou a responsabilidade de quen solicitou o seu asesoramento; tampouco evitará en ningún caso as responsabilidades que correspondan ás persoas u órganos encargados da xestión.

### COMPROMISOS E VALORES DO COMITÉ ÉTICO


- **Confidencialidade:** Os dilemas éticos e as persoas implicadas nos mesmos son de carácter confidencial, só se difundirá o informe resolutivo aos protagonistas do debate ético e os responsables da entidade (Dirección e Xerencia).
- **Respecto:** Tódalas aportacións e opinións serán tidas en conta e valoradas.
- **Visión de conxunto.** As aportacións faranse de forma global tendo en conta o conxunto da organización.
- **Consenso:** As decisións tomaranse por consenso e unha vez efectuadas serán asumidas por cada membro do comité coma propias.
- **Crítica construtiva:** Mostraremos as nosas discrepancias sempre desde a busca de solucións, con afán construtivo e de mellora.
- **Confianza:** Xeraremos un clima no que cada persoa do comité poida expresarse de maneira libre e segura.
- **Empatía:** Analizaremos e valoraremos as opinións do outro poñéndonos no seu lugar.
- **Igualdade:** Tódalas aportacións e opinións, independentemente da persoa que as emita, teñen o mesmo valor.
- **Compromiso de asistencia e puntualidade nas reunións:** A asistencia ás reunións presenciais será obrigatoria, salvo causa xustificada, neste caso avisarase á responsable do Comité Ético.
- **Imparcialidade:** Mostrarse libre de prexuízos, é dicir, abstraerse de consideracións subxectivas, sen influencias de ningún tipo, prexuízos ou tratos diferenciados por razóns non apropiadas, e centrarse na obxectividade do asunto ao realizar un xuízo ético.
- **Rigor ético:** Velar pola calidade do trato ás PCDI e realizar a investigación e valoración dun dilema ético sempre con precisión e a máxima exactitude posible.

### QUEN PODE DIRIXIRSE AO COMITÉ?

Tódalas persoas, xa sexan familias, persoas traballadoras, persoas usuarias ou responsables da entidade que detecten calquera caso que sexa considerado como dilema ético e afecte ao trato cara ás PCDI ou as súas familias, poderán solicitar o estudo e a deliberación do caso.

Definimos como dilema ético calquera feito, situación ou conduta que xera dúbidas sobre o cumprimento do Código Ético.

### COMO SE PODE ACCEDER AO COMITÉ?

	<b>PROCESO DE ÉTICA</b>	Código: PE04.01
	COMITÉ ÉTICO	Fecha: 15/01/2020

A persoa que desexe dirixirse ao Comité Ético deberá facelo sempre especificando nome e apelidos no medio que utilice. Este dato será tratado de maneira confidencial polos membros do Comité. Non se atenderán dilemas por parte de persoas anónimas para evitar queixas infundadas.

Para acceder a el, as persoas interesadas poderán usar calquera das seguintes canles:

- \* Caixa do correo: Estará situada no Módulo de Recepción. A persoa encargada de revisar a entrada de correspondencia (1 vez á semana) será a traballadora social, que deberá escanear o documento e posteriormente enviálo por e-mail ao resto de compoñentes do Comité.
- \* Correo electrónico ([etica@aceesca.com](mailto:etica@aceesca.com)): Esta conta electrónica estará vinculada ao correo que cada membro do Comité posúe. É obriga de tódalas persoas do Comité ler no día a correspondencia que entre.
- \* Comunicación dun dilema ético aos membros do Comité de forma presencial: Toda persoa pode poñerse en contacto de forma presencial con calquera membro do Comité para trasladarlle calquera información que supoña un dilema ético. Deberase facer de forma privada, buscando o momento e o lugar apropiado. Posteriormente, este membro do Comité trasladará a información ao resto do grupo vía e-mail. En caso de que sexa unha situación que requira actuar de forma inmediata resolverase coa dirección correspondente.